



Resolución RR 10/2024 Alegacións Acordo Incoación S 2/2024 NAVIERA MAR DE ONS SL.

En Pleno

D. Ignacio López-Chaves Castro, presidente

D. Daniel Neira Barral, secretario/vogal

Dna. María Teresa Cancelo Márquez, vogal

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2024

O Pleno da Comisión Galega da Competencia (en diante CGC) coa composición arriba indicada e sendo relatora María Teresa Cancelo Márquez, ditou a presente Resolución no Expediente *S 2/2024 Incumplimiento de compromisos R 2/2022-Transporte de viajeros a las Islas Cíes* pola que se resolve o escrito de alegacións presentado por JUAN CARLOS NACIMENTO SESTO en representación da entidade NAVIERA MAR DE ONS S.L. contra o acordo de incoación da Subdirección de Investigación de CGC (en adiante SUBDIC) de data 7 de outubro de 2024 aprobado no expediente *S 2/2024*.



ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Con data 8 de febreiro de 2024 o Pleno da CGC aprobou a *Resolución 1/2024 TRANSPORTE DE VIAXEIROS ÁS ILLAS CÍES* na que resolvía o seguinte:

"1.- Declarar, de conformidade cos artigos 41 da LDC e 42.4 do RDC que se aprecia incumprimento por parte das empresas NAVIERA DE LAS RÍAS GALEGAS, S.L e NAVIERA MAR DE ONS, S.L do compromiso terceiro recolleito na Terminación Convencional aprobada pola *Resolución 2/2022 Transporte de Viaxeiros ás Illas Cíes* de data 11 de xullo de 2022 polo que finalizou o expediente *S 15/2016- Transporte de Viaxeiros ás Illas Cíes*.

2.- Instar á Subdirección de Investigación da CGC a iniciar a apertura dun procedemento sancionador ás empresas NAVIERA DAS RÍAS GALEGAS, S.L e NAVIERA MAR DE ONS, S.L polos motivos referidos ao consideralos como unha infracción moi grave ao amparo do artigo 62.4.c) LDC.

3.- Instar á Subdirección de Investigación da CGC para que, de acordo co disposto no apartado cuarto da *Resolución 2/2022* do 11 de xullo de 2022 da CGC, presente ante este Pleno o Informe de Vixilancia sobre os compromisos impostos na Terminación Convencional aprobada pola referida *Resolución 2/2022-Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes* e que non foron incluídos no Informe de Vixilancia de data 23 de novembro de 2023 e que son:

- a) O cumprimento ou non do Compromiso Primeiro respecto das empresas MAR DE ONS, SL; NAVIERA ISLA DE ONS, SL; NAVIERA RÍAS GALEGAS, SL e CRUCEROS RÍAS BAJAS, SL.
- b) O cumprimento ou non do Compromiso Segundo respecto das empresas MAR DE ONS, SL; NAVIERA ISLA DE ONS, SL; NAVIERA RÍAS GALEGAS, SL e CRUCEROS RÍAS BAJAS, SL.
- c) O cumprimento ou non do Compromiso Cuarto respecto das empresas NAVIERA DAS RÍAS GALEGAS e MAR DE ONS S.L..
- d) O cumprimento ou non do Compromiso Quinto respecto das empresas NAVIERA DAS RÍAS GALEGAS e MAR DE ONS S.L.



e) O cumprimento ou non dos compromisos de poñer en coñecemento de todos os seus empregados a canle de denuncias e impartir formación básica sobre o mesmo e sobre os seus protocolos asociados e o de remitir á SUBDIC copia de cada unha das comunicacións que preceptivamente debe facer chegar cada unha das empresas á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia impostos no Compromiso Sexto respecto das empresas MAR DE ONS, SL; NAVIERA ISLA DE ONS, SL; NAVIERA RÍAS GALEGAS, SL E CRUCEROS RÍAS BAJAS, SL.”

A antedita resolución foi comunicada a NAVIERA MAR DE ONS S.L

Segundo.- Con data 19 de setembro de 2024 o Pleno da CGC aprobou a *Resolución 8/2024 DE VIXILANCIA 2 COMPLEMENTARIO – EXECUCIÓN DA RESOLUCIÓN 2/2022 TRANSPORTE DE VIAXEIROS ÁS ILLAS CÍES* na que resolvía o seguinte:

- “1.- Declarar, de conformidade cos artigos 41 da LDC e 42.4 do RDC que se aprecia incumprimento por parte das empresas NAVIERA ISLA DE ONS, SL; NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS, S.L e NAVIERA MAR DE ONS, S.L do compromiso segundo recolleito na Terminación Convencional aprobada pola *Resolución 2/2022 Transporte de Viaxeiros ás Illas Cíes* de data 11 de xullo de 2022 polo que finalizou o expediente *S 15/2016- Transporte de Viaxeiros ás Illas Cíes* no que se refire ao compromiso individual de cada empresa de revisar as súas actuais tarifas tras unha análise dos seus custos, expectativas e política comercial independente
- 2.- Instar á Subdirección de Investigación da CGC a iniciar a apertura dun procedemento sancionador ás empresas NAVIERA ILLA DE ONS, SL; NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS, S.L e NAVIERA MAR DE ONS, S.L polos motivos referidos ao consideralos como unha infracción moi grave ao amparo do artigo 62.4.c) LDC.
- 3.- Considerar que as empresas MAR DE ONS, SL; NAVIERA ISLA DE ONS, SL; NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS, SL e CRUCEROS RÍAS BAJAS, SL deron cumprimento ao compromiso primeiro aprobado na *Resolución 2/2022*.
- 4.- Considerar que a empresa CRUCEROS RÍAS BAJAS, SL deu cumprimento ao compromiso segundo aprobado na *Resolución 2/2022*.

- 5.- Considerar que as empresas NAVIERA ILLA DE ONS, SL e CRUCEROS RÍAS BAJAS, SL deron cumprimento ao compromiso terceiro aprobado na *Resolución 2/2022*.
- 6.- Considerar que as empresas MAR DE ONS, SL; NAVIERA ISLA DE ONS, SL; NAVIERA DE LAS RÍAS GALLEGAS, SL e CRUCEROS RÍAS BAJAS, SL deron cumprimento ao compromiso cuarto aprobado na *Resolución 2/2022*.
- 7.- Considerar que as empresas MAR DE ONS, SL; NAVIERA ISLA DE ONS, SL; NAVIERA DE LAS RÍAS GALLEGAS, SL e CRUCEIROS RÍAS BAJAS, SL deron cumprimento ao compromiso quinto aprobado na *Resolución 2/2022*.
- 8.- Considerar que as empresas NAVIERA MAR DE ONS, SL; NAVIERA ISLA DE ONS, SL; NAVIERA DE LAS RÍAS GALLEGAS, SL E CRUCEROS RÍAS BAJAS, SL. deron cumprimento, ata a data de emisión do informe da SUBDIC do 25 de abril de 2024, ás obrigacións establecidas no compromiso sexto aprobado na *Resolución 2/2022* relativas a poñer en coñecemento de tódolos seus empregados a canle de denuncias e impartir formación básica sobre o mesmo e sobre os seus protocolos asociados e o de remitir á SUBDIC copia de cada unha das comunicacións que preceptivamente debe facer chegar cada unha das empresas á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia impostos no Compromiso Sexto así como do resto do compromiso sexto."

A antedita resolución foi comunicada a NAVIERA MAR DE ONS S.L

Terceiro.- Como sinala a empresa NAVIERA MAR DE ONS S.L con data 7 de outubro de 2024 a SUBDIC incoa o expediente sancionador *S 2/2024: Incumplimento de compromisos R 2/2022- Transporte de viaxeiros as Illas Cíes*, contra Naviera Mar de Ons, S.L., Naviera de las Rías Gallegas, S.L. e Naviera Illa de Ons, S.L., por un posible incumplimento dos compromisos segundo e terceiro incluídos no Anexo a *Resolución 2/2022-Transporte de viaxeiros as Illas Cíes*, pola que se acorda a terminación convencional do expediente *S 15/2016*.

A antedita incoación foi notificada a NAVIERA MAR DE ONS S.L o día 18 de outubro de 2024.

Cuarto.- Con data 5 de decembro de 2024 recibíuse nesta CGC escrito de alegacións presentado por JUAN CARLOS NACIMENTO SESTO en representación da entidade NAVIEIRA MAR DE ONS S.L. contra o referido acordo.



Quinto.- Con data 30 de decembro de 2024 o Pleno da CGC reuniuse para deliberar e aprobar esta Resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Obxecto da presente Resolución e pretensións do recorrente

Promóvese por NAVIERA MAR DE ONS S.L un escrito de alegacións contra o acordo da SUBDIC de incoación do expediente sancionador *S 2/2024: Incumprimento de compromisos R 2/2022- Transporte de viaxeiros as Illas Cíes*, sen indicar as disposicións legais no que amparan as ditas alegacións.

O antedito escrito non vai acompañado dunha fundamentación xurídica na que se manifesta a normativa da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC) ou do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia (RDC) no que ampara o seu escrito de alegacións e tampouco os artigos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nos que poida xustificar as mesmas.

No escrito sinala que o acordo de incoación de data 7 de outubro así como determinadas actuacións realizadas pola SUBDIC no seu ámbito son contrarias a Dereito e sinala que formula contra elas as alegacións seguintes:

Primera.- Vulneración da garantía legal ao procedemento debido

Segunda.- Vulneración do dereito un procedemento sancionador individual

Tercera.- Que Cruceros Rías Baixas, SL. carece de interese lexitimo para ser parte do procedemento



Cuarta.- Que a declaración, de oficio, da Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia como parte interesada é contraria ao ordenamento xurídico

2.- Recursos fronte aos acordos da SUBDIC

A Sección 4ª do Capítulo I do Título IV da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC) regula no seu artigo 47 a posibilidade de presentar recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados polo órgano de instrución, establecendo que:

"Artigo 47. Recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados pola Dirección de Investigación.

1. As resolucións e actos da Dirección de Investigación que produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos serán recorribles ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia no prazo de dez días.

2. O Consello inadmitirá sen mais trámite os recursos interpostos fora de prazo.

3. Recibido o recurso, o Consello poñerá de manifesto o expediente para que as partes formulen alegacións no prazo de quince días".

Este artigo é aplicable directamente á CGC na medida en que a Disposición adicional oitava da mesma Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia sinala que todas as referencias á Comisión Nacional da Competencia e aos seus órganos de dirección contidas na LDC entenderanse tamén realizadas aos órganos correspondentes das Comunidades Autónomas con competencia na materia. E así afirma textualmente esta disposición adicional oitava da Lei 15/2007 que:

"As referencias contidas nesta Lei á Comisión Nacional da Competencia e aos seus órganos de dirección relativas a funcións, potestades administrativas e procedementos, entenderanse tamén realizadas aos órganos de instrución e resolución correspondentes



das Comunidades Autónomas con competencia na materia cando as mesmas refíranse ás competencias correspondentes previstas no artigo 13 desta Lei"

En relación co referido art. 47 LDC sinala a sentenza do Tribunal Supremo de 16 de novembro de 2018 (recurso 2781/2016) no seu Fundamento de Dereito Primeiro que:

"Esta previsión específica constitúe unha aplicación do disposto, con carácter xeral, no artigo 107.2 da Lei 30/1992 no ámbito sectorial da defensa da competencia. Prevese un recurso administrativo especial e extraordinario xa que unicamente procede por motivos taxados, isto é, sempre e cando se trate de resolucións que produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos ou intereses lexítimos dos interesados".

Conforme a isto, os actos e resolucións da SUBDIC que produzan indefensión ou prexuízo irreparable poderán ser recorridos ante o Pleno da CGC, de tal maneira que o dito recurso só poderá ser admisible por algunha desas dúas razóns: "cando se trate de resolucións que produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos ou intereses lexítimos dos interesados". A sentenza do Tribunal Supremo de 30 de setembro de 2013 (recurso de casación 5606/2010) xa manifestou este extremo ao advertir que os motivos de impugnación fronte a actuacións da Dirección de Competencia (no noso caso a SUBDIC) deben estar baseados unicamente na indefensión ou o prexuízo irreparable que os actos recorridos poidan causar a dereitos ou intereses lexítimos, e non en ningún outro motivo, e así no Fundamento de Dereito Segundo afirma que:

"(...) En efecto, a vía a través da cal é posible a impugnación "anticipada" das resolucións e actos ditados pola Dirección de Investigación é precisamente, na nova Lei 15/2007, de Defensa da Competencia, a establecida no seu artigo 47.1, isto é, o recurso (interno) fronte a unhas e outros ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia. Pero non se trata dunha vía que abra a posibilidade a calquera impugnación e por calquera motivo senón exclusivamente a de aqueles actos ou resolucións aos que se impute ter causado indefensión ou provocar "prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos".



No mesmo sentido, a STS de 21 de novembro de 2014 (recurso de casación 4041/2011) sinala, como xa fixera a sentenza de 30 de setembro de 2013, que:

"(...) Quérese dicir, pois, que tanto o Consello da Comisión Nacional da Competencia como, eventualmente, a Sala da Audiencia Nacional ao xulgar sobre as decisións deste, deben limitarse a revisar os devanditos actos e resolucións da Dirección de Investigación unicamente desde aquela dobre perspectiva. Non é que o axuizamento de tales actos e resolucións quede así impedido senón simplemente, como sucede co resto de actos de trámite ou de instrución dos procedementos sancionadores, diferido ao momento en que recaia a decisión final do procedemento. Será entón cando a parte poida invocar calquera motivo de nulidade das resolucións finais por derivar de actos previos viciados. Pero, repetimos, non cabe no recurso administrativo previsto polo artigo 47.1 da Lei 15/2007 examinar senón a concorrencia das dúas circunstancias que motivaron a súa implantación, isto é, comprobar se as resolucións e actos da Dirección de Investigación produciron indefensión ou ocasionaron prexuízos irreparables. O resto dos motivos impugnatorios eventualmente opoñibles fronte a aqueles actos queda reservado, repetimos, ao axuizamento da resolución final do expediente sancionador".

Pero é necesario indicar que nos suposto do art. 47 LDC non estamos ante un dos recursos regulados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, senón ante o **único recurso administrativo previsto pola LDC contra os actos ditados polo órgano instrutor en materia de defensa da competencia (neste caso, a SUBDIC)**. O artigo 47 da LDC regula o recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados pola SUBDIC que produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. A xa citada sentenza do Tribunal Supremo do 30 de setembro de 2013 advirte de que os motivos de impugnación fronte a actuacións da Dirección de Investigación deben estar baseados unicamente na indefensión ou o prexuízo irreparable que os actos ou acordos que se recorren poidan causar a dereitos ou intereses lexítimos e non en ningún outro motivo, xa que, como vimos, manifesta textualmente o TS que:



"(...) non se trata dunha vía que abra a posibilidade a calquera impugnación e por calquera motivo senón exclusivamente a de aqueles actos ou resolucións aos que se impute causar indefensión ou provocar prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos".

Tamén como sinalou o Tribunal Supremo, non é o art. 47 da LDC a vía para levar a cabo un control xurisdiccional da actuación realizada pola SUBDIC, xa que este precepto se limita a regular un recurso de alzada fronte a resolucións e actos da SUBDIC. Así a STS de 2 de novembro de 2015 (recurso de casación 2354/2013) no seu Fundamento de Dereito Sexto afirma que:

"Este razoamento parte da aplicación do art. 47 da Lei de Defensa da Competencia, precepto destinado a regular o recurso de alzada e non o control xurisdiccional sobre a actuación administrativa"

Polo tanto, fronte a actuacións da SUBDIC, como é neste caso o Acordo de Incoación de data 7 de outubro de 2024 aprobado no expediente S 2/2024, o art. 47 da LDC é a única vía para instar a súa revisión.

3.- Requisitos do art. 47 LDC

O artigo 47 LDC dispón que:

- "1. As resolucións e actos da Dirección de Investigación que produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos serán recorribles ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia no prazo de dez días.*
- 2. O Consello inadmitirá sen máis trámite os recursos interpostos fora de prazo.*
- 3. Recibido o recurso, o Consello porá de manifesto o expediente para que as partes formulen alegacións no prazo de quince días."*



O dito precepto regula non só os motivos que poderían xustificar a súa estimación, (indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e/ou intereses lexítimos), senón tamén o prazo máximo para a súa interposición que é de dez días que deben considerarse "hábeles".

A SUBDIC notificou a NAVIERA MAR DE ONS S.L. o acordo de incoación o día 18 de outubro de 2024. NAVIERA MAR DE ONS S.L. presentou o día 5 de decembro de 2024 o escrito que deu lugar a esta resolución, e dicir, 33 días hábiles despois da notificación, excedendo amplamente do prazo de dez días previsto no art. 47 da LDC.

Conforme o art. 47. 2 da LDC este Pleno debe inadmitir sen máis trámite os recursos interpostos fora de prazo, polo que procede a inadmisión do escrito de alegacións presentado por JUAN CARLOS NACIMENTO SESTO en representación da entidade NAVIERA MAR DE ONS S.L.

Por todo o exposto procede inadmitir o escrito de alegacións presentado por JUAN CARLOS NACIMENTO SESTO en representación da entidade NAVIERA MAR DE ONS S.L. fronte ao Acordo de Incoación da Subdirección de Investigación de CGC de data 7 de outubro de 2024 aprobado no expediente *S 2/2024*.

4º.- Declaración de confidencialidade.

Con carácter cautelar e en tanto non se resolva o solicitado nos puntos primeiro e segundo da escrito, pide NAVIERA MAR DE ONS S.L. a confidencialidade íntegra do escrito de alegacións fronte a todas as partes do expediente.

Solicita a empresa a declaración de confidencialidade en tanto non se resolva o solicitado no escrito. A necesidade de declarar a confidencialidade da documentación que obra nun expediente instruído pola CGC radica no acceso que a esa información vaian ter os interesados no procedemento. A LDC concede ás partes nun procedemento que poidan instar a confidencialidade de determinados documentos obrantes no mesmo, pero hai que ter en conta que iso non constitúe un principio absoluto senón que debe matizarse polas circunstancias de



cada caso, xa que na valoración do carácter confidencial hai que ponderar a protección dos segredos da empresa cos do dereito á defensa de quen é parte nun procedemento sancionador así como co de non causar indefensión ou prexuízos irreparables a terceiros. O concepto "confidencial", como sinala a Audiencia Nacional, é un concepto xurídico indeterminado polo que haberá que atender ás circunstancias de cada caso concreto para determinar se unha información ten ou non ese carácter¹ polo que a declaración de confidencialidade é unha decisión, que necesariamente adoptada de forma motivada, é o resultado de valorar as circunstancias concorrentes en cada caso, a documentación respecto da cal solicítase esta confidencialidade, o valor desa documentación e os distintos principios en xogo.

Para avaliar se procede a declaración de confidencialidade dun documento obrante nun procedemento, a CNMC sinala² que é necesario levar a cabo unha tripla análise:

- a) en primeiro lugar, determinar se se trata dun documento que conteña datos cuxo coñecemento poida efectivamente causar un prexuízo significativo, co que se avaliaría a súa propia consideración de segredo comercial;
- b) en segundo lugar, se tratándose de datos cuxo coñecemento poida efectivamente causar un prexuízo significativo, estes tiveron difusión entre as partes e/ou terceiros, perdendo en gran medida a xustificación de que da difusión no marco do expediente pode derivarse este prexuízo. Así, no caso dun segredo de negocio, a súa difusión xeraría a perda da súa consideración como secreto;
- c) e, en terceiro lugar, se se trata de datos que, aínda podendo causar un prexuízo e non sendo difundidos, son necesarios para fixar os feitos ou entender a análise e a valoración obxecto do procedemento, así como para garantir o dereito de defensa doutros interesados no procedemento.

A Audiencia Nacional na súa sentenza do 2 de decembro de 2011³ determina cando unha información pode ser cualificar como segredo comercial, e así indica que:

1 SAN de 2 de decembro de 2011

2 "Guía sobre o tratamento da información confidencial e os datos persoais en procedementos de defensa da competencia da Lei 15/2007"

3 SAN 5383/2011

"Por tanto para que unha información poida cualificarse de segredo comercial, tense que tratar dunha información cuxa divulgación poida causarlle un prexuízo grave" e deberán de cumprirse tres criterios acumulativos para poder entender que unha determinada información constitúe un segredo de negocio como son: i) é coñecida unicamente por un reducido número de persoas, ii) a súa divulgación podería causar un grave prexuízo e iii) os intereses que puidesen verse afectados pola divulgación da información son, obxectivamente, dignos de protección .⁴

O art. 42.1 da LDC dispón que:

"En calquera momento do procedemento, poderase ordenar, de oficio ou a instancia de parte, que se manteñan secretos os datos ou documentos que se consideren confidenciais, formando con eles peza separada, sen prexuízo do establecido no artigo 18 e no Regulamento (CE) n.º 1/2003, do 16 de decembro de 2002"

Ademais o art. 20 do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia. dispón que:

"Calquera persoa que presente documentos ante a Comisión Nacional da Competencia, ao solicitar a confidencialidade de datos ou informacións, deberá facelo de forma motivada ante o órgano competente no marco da tramitación do expediente en cuestión, e deberá presentar, ademais, unha versión non confidencial dos mesmos."

4 Neste sentido pronunciouse o Consello de Transparencia e Bo Gobierno no Criterio Interpretativo 1/2019, do 24 de setembro de 2019 cando afirma que: "En todo caso, á hora de cualificar unha determinada información como secreta ou confidencial, han de terse en conta os seguintes criterios:
a) Ha de ser relativa a circunstancias ou operacións que garden conexión directa coa actividade económica propia da empresa.
b) A información non ha de ter carácter público, é dicir, que non sexa xa amplamente coñecida ou non resulte facilmente accesible para as persoas pertencentes aos círculos en que normalmente se utilice ese tipo de información.
c) Debe haber unha vontade subxectiva do titular da información de manter afastada do coñecemento público a información en cuestión.
d) A vontade de manter secreta a información ha de obedecer a un lexítimo interese obxectivo que debe ter natureza económica, e que caberá identificar – por exemplo, cando a revelación da información produza o detrimento da competitividade da empresa titular do segredo fronte aos seus competidores, debilite a posición desta no mercado ou cáuselle un dano económico ao facer accesible aos competidores coñecementos exclusivos de carácter técnico ou comercial"



Neste escrito o que se solicita por NAVIERA MAR DE ONS S.L. é:

"Terceiro.- Con carácter cautelar, en tanto non se resolva o solicitado nos dous puntos anteriores, solicítase a confidencialidade íntegra deste escrito de alegacións fronte a todas as partes do expediente."

Solicita a declaración de confidencialidade do escrito de alegacións que presentou fronte ao acordo de incoación da SUBDIC con data do 7 de outubro de 2024 aprobado no expediente S 2/2024. Non solicita a empresa a declaración de confidencialidade de documentos ou datos achegados ao expediente que conteñan segredos comerciais de NAVIERA MAR DE ONS S.L. con datos que sexan tan só coñecidos por un reducido número de persoas e cuxa divulgación podería causar á mesma un grave prexuízo.

A documentación da que solicita a declaración de confidencialidade é dun escrito de alegacións fronte ao Acordo de Incoación da SUBDIC con data do 7 de outubro de 2024 aprobado no expediente S 2/2024, escrito no que non consta secreto comercial algún xa que no mesmo non aparece mención algunha sobre datos, valoracións, estimacións, volumes de negocio ou estratexias que afecta á empresa. Así non aparece referencia algunha a, por exemplo, cantidades producidas e vendidas, estratexia comercial e de vendas, custos de produción, datos concretos de prezos, cotas de mercado, listaxes de clientes, distribuidores ou provedores ou información financeira da empresa.

Tampouco achega NAVIERA MAR DE ONS S.L. xustificación motivada algunha que explique o prexuízo grave que podería provocar a divulgación da información que solicita ser considerada confidencial pola súa natureza de segredo comercial e que exprese o motivo que apoie a súa solicitude de declaración de "confidencialidade íntegra" do seu escrito, polo que non é posible coñecer cales son os intereses que NAVIERA MAR DE ONS S.L. poida entender afectados pola divulgación do seu escrito de alegacións nin, por iso, considerar se son ou non dignos de protección

Solicítase a declaración de confidencialidade "Con carácter cautelar, en tanto non se resolva o solicitado nos dous puntos anteriores (...)" É dicir, trátase dunha solicitude de declaración de



confidencialidade suxeita a termo xa que a mesma finalizaría no momento de adoptar unha resolución en relación co escrito presentado pola empresa. Non explica tampouco NAVIERA MAR DE ONS S.L. as razóns para solicitar unha declaración de confidencialidade suxeita a un prazo, cuxo vencemento produciría o efecto de converter unha documentación que NAVIERA MAR DE ONS S.L. considera confidencial nunha documentación que NAVIERA MAR DE ONS S.L. considera que xa non é confidencial. A consideración da documentación como preventivamente confidencial prodúcese mentres non se resolvan os aspectos relacionados sobre a confidencialidade da mesma, pero neste caso o NAVIERA MAR DE ONS S.L. solicita non é a confidencialidade dunha documentación senón a confidencialidade temporal mentres se tramita e resolve un recurso. Sinalar que, como vimos no Fundamento Xurídico anterior, este Pleno estima inadmitir, pola súa interposición fóra de prazo, o escrito de alegacións presentado pola empresa NAVIERA MAR DE ONS S.L. polo que con iso este Pleno resolve o solicitado pola empresa

Por todos os motivos anteriores o Pleno da CGC desestima a solicitude de declaración de confidencialidade presentada por NAVIERA MAR DE ONS S.L. no seu escrito de de alegacións.

Na súa virtude, vistos os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, o Pleno da Comisión Galega da Competencia

RESOLVEU

PRIMEIRO.- INADMITIR o escrito presentado por JUAN CARLOS NACIMENTO SESTO en representación da entidade NAVIERA MAR DE ONS S.L. con CIF B-36.194.066 contra o Acordo de Incoación da Subdirección de Investigación de CGC de data 7 de outubro de 2024 aprobado no expediente *S 2/2024*.

SEGUNDO.- Desestimar a declaración de confidencialidade solicitada por NAVIERA MAR DE ONS S.L. con CIF B-36.194.066 respecto do escrito presentado por esa empresa contra o Acordo de

Incoación da Subdirección de Investigación de CGC de data 7 de outubro de 2024 aprobado non expediente 2/2024.

Comuníquese esta Resolución á Subdirección Xeral de Investigación da Comisión Galega da Competencia e a NAVIERA MAR DE ONS S.L, facéndolles saber que contra esta Resolución non cabe recurso algún en vía administrativa, podendo interpoñer, conforme ao previsto no art. 10.1.j) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, recurso contencioso-administrativo no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde a súa notificación.